REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 31 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección de Secretario/Secretaria da Mesa da comisión

Punto 2. Preguntas

2.1 55592 (10/POC-008771)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os datos referidos aos contidos da programación da Televisión de Galicia que contan na actualidade con subtítulos ou linguaxe de signos, así como as medidas que está a adoptar ou as previstas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para garantir o cumprimento da lexislación vixente e o dereito de acceso aos contidos audiovisuais das persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

2.2 56293 (10/POC-008846)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a incorporación da anterior valedora do pobo, como participante, ao faladoiro do programa "Galicia por diante", da Radio Galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

2.3 56473 (10/POC-008880)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre a actuación da Dirección da CRTVG en relación co exercicio do dereito á folga polo persoal da Corporación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

2.4 57161 (10/POC-008967)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as razóns da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia para incorporar á grella da Televisión de Galicia un programa de crónica política emitido dende Madrid, os obxectivos dese programa e a valoración desa dirección ao respecto

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

2.5 57347 (10/POC-008990)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o contido do proxecto #IdeasG, de captación de talento interno da Corporación Radio e Televisión de Galicia, e as novidades existentes nos plans de reposicionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

2.6 57384 (10/POC-008996)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións previstas para modificar os contidos machistas e estereotipados inseridos en parte da oferta da Corporación Radio e Televisión de Galicia, o opinión do seu director xeral referida ao informe presentado polo Observatorio da Cultura Galega en relación coa situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas de Galicia e mais as medidas previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Xan Xosé Jove González	GCE
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Paula Vázquez Verao	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección de Secretario/Secretaria da Mesa da comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 55592(10/POC-008771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos aos contidos da programación da Televisión de Galicia que contan na actualidade con subtítulos ou linguaxe de signos, así como as medidas que está a adoptar ou as previstas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para garantir o cumprimento da lexislación vixente e o dereito de acceso aos contidos audiovisuais das persoas con discapacidade

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:24:45
Nº Rexistro: 55592
Data envio: 12/09/2019 17:24:45.960

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a accesibilidade dos contidos emitidos na programación da TVG e a garantía dos dereitos das persoas con discapacidade no acceso aos contidos audiovisuais.

A CRTVG como servizo público recolle nos seus principios e obxectivos a promoción do acceso efectivo das persoas con discapacidade aos contidos emitidos. Así o dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza (artigo 4) e o Mandato Marco aprobado en 2015 (artigo 8).

Así mesmo, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade recolle a obriga dos medios de comunicación audiovisual dependentes das administracións públicas de Galiza de realizar e manter, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescrición e a interpretación en lingua de signos, para garantir o dereito á información das persoas con discapacidade, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual (artigo 34).

No ámbito estatal, a Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, sinala que as persoas con discapacidade visual ou auditiva teñen o dereito a unha accesibilidade universal á comunicación audiovisual, de acordo coas

CSV: REXISTROqlnEfvNVx8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:24:45
Nº Rexistro: 55592
Data envio: 12/09/2019 17:24:45.960

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidades tecnolóxicas (artigo 8). Especificamente, continúa, as persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte cando menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos.

De igual maneira, as persoas con discapacidade visual teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, conte cando menos con dúas horas audiodescritas á semana.

Para a garantía deste dereito, a lexislación obriga os poderes públicos e os prestadores do servizo a fomentar o goce pleno da comunicación audiovisual ara as persas con discapacidade e o uso de boas prácticas que evite calquera discriminación ou repercusión negativa cara estas persoas.

En 2018 a Unión Europea aprobou a Directiva 2018/1808 pola que se modifica a anterior, de 2013, sobre a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual.

Nas súas consideracións, a norma fixa a garantía do dereito de acceso ao contido audiovisual como condición indispensábel no marco dos compromisos adquiridos coa sinatura da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade. Neste senso, a Unión Europea apremia os Estados membros a garantir "sen dilacións indebidas" que os prestadores de servizos de comunicación audiovisual avancen activamente na accesibilidade dos seus contidos ás persoas con discapacidade, en particular de tipo visual e auditivo, a través, di, dun "procedemento progresivo e continuo" que abranga a linguaxe de signos, o subtitulado para as persoas xordas e con dificultades auditivas, os subtítulos falados e a descrición acústica.

CSV: REXISTROqlnEfxNVx8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:24:45
Nº Rexistro: 55592
Data envio: 12/09/2019 17:24:45.960

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A CRTVG conta na actualidade co Telexornal Mediodía en lingua de signos e foi incorporando, desde 2012, segundo as informacións que constan na web corporativa, subtítulos nalgúns programas. Porén, fica moi lonxe de se garantir o dereito de acceso das persoas con discapacidade aos contidos audiovisuais como nos ten transmitido ao Grupo parlamentario do BNG a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG).

De facto, a Valedoría do Pobo pronunciouse a este respecto en abril de 2018 ao fío do expediente iniciado como consecuencia dos escritos presentados, entre outros, pola FAPXG advertindo das barreiras de comunicación que persisten inxustamente na TVG.

Cómpre lembrar que a accesibilidade é un dereito como aparece recollido na lexislación galega, estatal e internacional e, polo tanto, é obriga dos poderes públicos e dos prestadores de servizo de comunicación audiovisual garantilo.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que contidos da programación da TVG contan actualmente con subtitulado e/ou lingua de signos?

- Que porcentaxe representan no conxunto da programación?

- Que medidas está a adoptar ou pensa levar a cabo a CRTVG para garantir o cumprimento da lexislación vixente e o dereito de accesibilidade aos contidos audiovisuais das persoas con discapacidade?

CSV: REXISTROqlnEfxNVx8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:24:45
Nº Rexistro: 55592
Data envio: 12/09/2019 17:24:45.960

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 17:22:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 17:22:32

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 17:22:42

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 17:22:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 17:22:57

CSV: REXISTROqlnEfxNVx8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:24:45
Nº Rexistro: 55592
Data envio: 12/09/2019 17:24:45.960

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 17:23:05

CSV: REXISTROqlnEfxNVx8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 56293(10/POC-008846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a incorporación da anterior valedora do pobo, como participante, ao faladoiro do programa "Galicia por diante", da Radio Galega

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 13:05:32
Nº Rexistro: 56293
Data envio: 24/09/2019 13:05:32.770

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

Dende o pasado 19 de setembro participa no tempo de Faladoiro do Galicia por Diante, da Radio Galega, a ex-valedora do Pobo, Milagros Otero. Esta incorporación produciuse despois de presentar a súa dimisión neste cargo o 23 de xullo, catro meses despois de que o Tribunal Supremo rexeitara o seu recurso interposto á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que anulou o nomeamento de María Puy Fraga, sobriña do ex presidente Manuel Fraga e irmá do portavoz parlamentario do PPdeG, para un posto na defensoría galega.

A Sala do contencioso administrativo do TSXG, trala impugnación do nomeamento por parte dun dos participantes no proceso de selección, do posto de xefe de servizo de Administración e Persoal, considerou probado que a Valedora influíu no proceso para que o posto recaese nesta persoa, quen, segundo o TSXG, actuou con "arbitrariedade" e cometeu un "desvío de poder". O Tribunal Supremo ademais de inadmitir a trámite o recurso presentado pola Valedora do Pobo, condenouna a abonar 2.000 euros en costas procesuais.

Milagros Otero coa complicidade do PP, causou no seu paso pola máxima representación desta institución, un grave prexuízo pola gravidade dos feitos e polas importantes funcións que a institución do Valedor do Pobo desempeña, ao representar o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no Título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da incorporación da ex valedora do Pobo, Milagros Otero, ao Faladoiro do Galicia por Diante, da Radio Galega?
2. Cales foron os motivos que levaron a CRTVG a requirir a súa presenza neste espazo?
3. Considera que Milagros Otero é, despois de ser condenada polo Tribunal

CSV: REXISTROI7EHHdDB9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 13:05:32
Nº Rexistro: 56293
Data envio: 24/09/2019 13:05:32.770

Superior de Xustiza de Galicia por “desvío de poder” e “arbitrariedade”, unha “voz prestixiosa” para os nosos medios de comunicación públicos?

4. Cantos días a semana vai participar neste programa?
5. Vai recibir a ex valedora algunha remuneración por participar neste espazo?
6. En caso afirmativo, de que cantidade se trata?
7. Ten previsto a CRTVG contar coa ex valedora noutros espazos da radio e/ou da televisión pública galega?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/09/2019 13:02:50

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2019 13:02:59

CSV: REXISTRO7EHtHdDB9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 56473(10/POC-008880)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre a actuación da Dirección da CRTVG en relación co exercicio do dereito á folga polo persoal da Corporación

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 18:14:27
Nº Rexistro: 56473
Data envio: 26/09/2019 18:14:27.415

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Xan Xosé Jove González, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

Os traballadores e traballadoras da CRTVG levan máis dun ano protestando tódolos #VenresNegros para que se cumpra a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación e se respecten os seus dereitos laborais, así como o dereito de tódolos galegos e de tódalas galegas a unha información pública e de calidade. Porén, a dirección do ente continúa ignorando as súas xustas reivindicacións

O pasado 25 de setembro, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou os servizos mínimos impostos polas dirección da CRTVG para as folgas dos días 19 e 22 de decembro. O ditame defende que "non resulta de recibo atribuír ao Director Xeral da CRTVG a competencia para concretar o persoal que debe permanecer e cubrir, durante os períodos de folga, os servizos mínimos en programas informativos", xa que "se crebarían as naturais esixencias de neutralidade, obxectividade e imparcialidade que cabe agardar á autoridade gobernativa".

A sentenza apunta tamén que "non consta unha motivación axeitada que xustifique a determinación dos efectivos que se fixa como servizos mínimos".

Non é a primeira sentenza que cuestiona o respecto que mostra a CRTVG ao

CSV: REXISTROSEOyMFY9B9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 18:14:27
Nº Rexistro: 56473
Data envio: 26/09/2019 18:14:27.415

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

dereito a folga. No mes de xuño, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia concluíu que a corporación pública vulnerara o dereito á folga do 19 de decembro ao substituír de xeito irregular a unha traballadora e ao manter a emisión do programa *O Tempo*.

Meses antes, en abril, o TSXG condenou á CRTVG por vulnerar o dereito á folga durante a xornada histórica do 8 de marzo. Ese día, a canle de televisión galega chamou a traballadores para substituír ás mulleres que estaban exercendo o seu dereito a participar na protesta, restándolle impacto, dese xeito, á súa mobilización.

Respecto do acontecido o 8M, o TSXG manifestou que "nin o empresario pode impoñer aos traballadores que non acudiron á folga a realización de tarefas que corresponden a quen secundaron a convocatoria". "nin os traballadores que deciden libremente non secundala poden substituír o traballos dos seus compañeiros", máis alá dos servizos mínimos.

Así, comprobamos con rabia e tristeza que na CRTVG se vulneran sistematicamente os lexítimos dereitos á folga dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que a CRTVG vulnera sistematicamente o dereito á folga dos traballadores e traballadoras?
- Que opinión lle merece á dirección da corporación a sentenza do TSXG do 25 de setembro?

CSV: REXISTROSEOyMFY9B9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 18:14:27
Nº Rexistro: 56473
Data envio: 26/09/2019 18:14:27.415

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- A CRTVG vai facer algo no futuro para garantir o dereito á folga dos seus traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Xan Xosé Jove González
Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2019 18:12:14

Luca Chao Pérez na data 26/09/2019 18:12:20

Xan Xosé Jove González na data 26/09/2019 18:12:33

CSV: REXISTROSEOyMFY8B9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 57161(10/POC-008967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia para incorporar á grella da Televisión de Galicia un programa de crónica política emitido dende Madrid, os obxectivos dese programa e a valoración desa dirección ao respecto

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 16:56:59
Nº Rexistro: 57161
Data envio: 08/10/2019 16:56:59.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

A páxina web da CRTVG anunciou o pasado 28 de setembro a estrea dun novo programa, "Conexión Madrid", que comezou a emitirse o 30 de setembro ás 22.45 h pola G2, emitíndose dende a delegación madrileña da CRTVG. Segundo a propia compañía, nel "participarán destacados xornalistas galegos especializados en crónica política en Madrid, e habituais comentaristas da pantalla. Moderado polo xornalista Luís E. Ramos, o espazo de debate pretende achegar a reflexión e a pluralidade de opinións de distintas perspectivas da actualidade española, política e social, que máis afecte a Galicia".

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que decidiu a CRTVG incorporar á grella da televisión pública galega, un programa de crónica política dende Madrid?
2. Cal é o obxectivo deste programa?
3. Tralas primeiras semanas de emisión, que valoración fai a CRTVG deste espazo?
4. Que valoración fai a CRTVG dos índices de audiencia deste programa?

CSV: REXISTRO#892ooCYT9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 16:56:59
Nº Rexistro: 57161
Data envio: 08/10/2019 16:56:59.708

5. Considera que neste espazo se respecta o principio do pluralismo ideolóxico que debe rexer os nosos medios de comunicación públicos?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/10/2019 16:55:52

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2019 16:56:03

CSV: REXISTRO|892ooCYT9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 57347(10/POC-008990)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o contido do proxecto #IdeasG, de captación de talento interno da Corporación Radio e Televisión de Galicia, e as novidades existentes nos plans de reposicionamento

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 12:02:14
Nº Rexistro: 57347
Data envio: 10/10/2019 12:02:14.996

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e **Moisés Rodríguez Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.**

Os medios de comunicación e o sector audiovisual véñense movendo nos últimos anos nun contexto altamente cambiante, con novas regras do xogo que a CRTVG afronta cunha realidade tecnolóxica xa dixitalizada, e a vantaxe de ser a primeira televisión en España que emite en alta definición en todas as súas canles.

O cambio do sistema analóxico ao dixital emprendido pola corporación no 2018 está supoñendo un forte pulo para os medios públicos de comunicación audiovisual galegos, permitindo abrir novas fórmulas de mellora para posicionarse no actual entorno dixital, tendo en conta as novas posibilidades na distribución de contidos ou na relación coa audiencia.

De feito, a CRTVG está levando a cabo esa dixitalización integral por fases e implicando aos profesionais. Un proceso que leva aparellado un cambio de perspectiva estrutural, sendo necesario encaixar as formas de consumo e as emisións convencionais coas novas demandas da audiencia, a irrupción de canles dixitais e plataformas de pago que multiplican a oferta de contidos ou o vínculo coas redes sociais. Son só algúns dos retos e necesidades que a corporación estivo avaliando nos últimos anos e que ten contemplado na súa estratexia de futuro.

Nesa mesma liña, a CRTVG presentou a finais de setembro ante todos os traballadores os plans de reposicionamento, que xa foran avanzados na Comisión de Control polo director xeral, así como as novas áreas de actuación para poder desenvolver a segunda fase da dixitalización, e un proxecto de captación de talento interno chamado #IdeasG. Segundo os propios tempos dados pola corporación, o prazo para presentar esas ideas remata a finais do mes de outubro.

Tendo en conta a relevancia destas novas iniciativas, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- En que consiste o proxecto #IdeasG de captación de talento interno da CRTVG?

2.- Hai novidades nos plans de reposicionamento?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRODYhDCqOvL6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 12:02:14
Nº Rexistro: 57347
Data envio: 10/10/2019 12:02:14.996

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/10/2019 11:59:32

Maria Antón Vilasánchez na data 10/10/2019 11:59:53

Rosa Oubiña Solla na data 10/10/2019 12:00:08

Jaime Castiñeira Broz na data 10/10/2019 12:00:20

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/10/2019 12:00:42

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/10/2019 12:01:00

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/10/2019 12:01:17

CSV: REXISTRODYhDCqOvL6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 57384(10/POC-008996)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións previstas para modificar os contidos machistas e estereotipados inseridos en parte da oferta da Corporación Radio e Televisión de Galicia, o opinión do seu director xeral referida ao informe presentado polo Observatorio da Cultura Galega en relación coa situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas de Galicia e mais as medidas previstas ao respecto

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:10:52
Nº Rexistro: 57384
Data envio: 10/10/2019 17:10:52.221

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Jove González, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

O mércores 8 de outubro o Observatorio da cultural Galega presentou o informe A situación das traballadoras do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia, realizado polo Consello da Cultura Galega coa participación da AAAG, AGA, AGAG e a Mostra Internacional de Teatro Cómico-Festivo de Cangas. Remata así un proceso de dous anos no que se dá resposta á petición do sector para abordar en clave galega a situación do mundo laboral atendendo ás cuestións de xénero.

As citadas asociacións impulsaron o estudo en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade que, xunto a Consellería de Cultura, asinou en novembro de 2017 un convenio de colaboración co Consello da Cultura Galega para levar acabo un estudo que, hoxe, xa é unha realidade. O informe ven poñer en evidencia as desigualdades e discriminación existentes no sector partindo da importancia do sector cultural no emprego, que medrou dun xeito moi importante nos últimos anos chegando a supoñer 3,5% do total do emprego.

Entre as cifras que cómpre salientar, a presenza das mulleres que traballan nas actividades laborais que representan o sector audiovisual e das artes escénicas é minoritaria con relación a dos homes ao chegar ao 42% fronte ao 58%.
No que se refire á relación de emprego e idades, destaca que a media de idade das persoas profesionais no sector atópase nos 37 anos. Porén, o maior número

CSV: REXISTROehG4X7fOx2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:10:52
Nº Rexistro: 57384
Data envio: 10/10/2019 17:10:52.221

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de persoas afiliadas no sector teñen entre 20 e 40 anos: en concreto o 60%.

Diferencias importantes, tamén, no plano da cotización. "No audiovisual as mulleres traballan máis tempo cando son novas, até 35 anos de idade, mentres que os homes traballan durante máis tempo a partir desa idade". Ademais, "nas mulleres obsérvase que a partir dos 55 anos teñen máis dificultades de acceso ao traballo." Mentres nas artes escénicas, as mulleres de 45 a 55 anos teñen máis tempo traballado que os homes, a partir dos 55 anos os homes acumulan unha media de horas superior.

A relación entre ter menos idade e unha maior posibilidade de afiliación é superior nas mulleres que nos homes. O 71,8% das mulleres afiliadas en 2016 tiñan entre 20 e 40 anos, mentres que nos homes esta porcentaxe reducíase ao 53%. Agora ben, obsérvase que a maioría das mulleres afiliadas tiñan 45 anos ou menos (60,4%), mentres que só un 15% superaban os 45 anos. No caso dos homes, os menores de 35 anos ou menos so un 36% do total e un 30% teñen máis de 45 anos.

Especialmente preocupantes, tamén, os datos relacionados coa precariedade laboral. No audiovisual e as artes escénicas, malia coincidir en contratos temporais e altas esporádicas, os homes traballan e períodos máis prolongados, mentres que entre as mulleres é habitual períodos curtos. O informe indica que "no sexo masculino destaca un 21% con máis de dez anos de traballo no sector, fronte a 11% de mulleres" polo que "os homes acumulan máis tempo traballado". Por outra banda hai que sinalar a fenda salarial, tamén no sector cultural se percibe que os ingresos das mulleres son inferiores, ademais de que as mulleres "non só acceden a un menor número de papeis, senón que estes son máis curtos e

CSV: REXISTROehG4X7fCx2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:10:52
Nº Rexistro: 57384
Data envio: 10/10/2019 17:10:52.221

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

estereotipados e tamén de menor categoría".

Compartimos a visión verquida pola RGT na que se constata que nos atopamos nunha tendencia social que aposta por transitar por un camiño de igualdade que, malia tropezar con constantes atrancos, consideramos xa imparable.

O sector escénico e audiovisual contan cunha grande responsabilidade , na medida en que o traballo artístico achega á cidadanía unha vía fundamental para a construción de discursos, de imaxinarios colectivos e de sensibilización social.

Cómpre, asemade analizar en profundidade a liña do traballo, mais tamén as relacións laborais e de poder que se establecen, como en calquera outro ámbito laboral, no sector.

A reflexión, porén, debe ser tamén interna e externa, xa que o citado informe desvela que se teñen detectado casos de acoso laboral sexual no sector, malia que se percibe un cambio de actitude. É importante que existan ferramentas, protocolos e códigos de boas prácticas tanto na contratación pública como na de empresas acollidas ás axudas á produción e/ou distribución.

Na presentación do informe participaron Rosario Álvarez, presidenta do CCG; a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella; o director xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo; Håkan Casares, responsable do observatorio da Cultura Galega; e Dolores Vilavedra, secretaria do CCG. Ademais, estaban presentes o director da Agadic, Jacobo Sutil, así como representantes da AAAG, Eva Fórneas e Laura Míguez; da Academia Galega do Audiovisual, Saamira Ganay e Marisela Lens; de Escena Galega Ruth Balbís, e María Armesto e Casilda Alfaro, da Mostra de Cangas.

CSV: REXISTROehG4X7fCx2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:10:52
Nº Rexistro: 57384
Data envio: 10/10/2019 17:10:52.221

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Como pensan modificar os contidos machistas e estereotipados de parte da oferta da CRTVG?
- Como valora o Director da Corporación este informe ?
- Van reunirse coas asociacións e grupos do sector que participaron na súa elaboración para facer unha análise conxunta?
- Van cumprir os seus compromiso de desenvolver medidas concretas para paliar as discriminacións e desigualdades que vive este sector e reflectidas con datos no documento?
- Que medidas pensan implementar para igualar a situación laboral das traballadoras?
- En que prazos van desenvolver as medidas?
- Teñen previsto implementar algún plan avaliable?
- Cando pensan elaborar o Código de boas prácticas mediante autorregulación, tal e como obriga o DOG 17/2/2016. cap III igualdade de oportunidades e medios de comunicación.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Xan Xosé Jove González
Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: REXISTROehG4X7fCx2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2019 17:10:52
Nº Rexistro: 57384
Data envio: 10/10/2019 17:10:52.221

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2019 17:02:44

Xan Xosé Jove González na data 10/10/2019 17:02:53

CSV: REXISTROehG4X7fCx2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal